<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase un aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.
- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos dotación de aula
Aula virtual
Libro de texto Dueto II Editorial Teide
Cadeno de actividades Prodigii II Editorial Teide
Instrumento persoal e propio do alumnado
Programa edición de audio

Programa de edición de partituras
Programas de presentación e exposición de suites ofimáticas
Smartphone (móbil), ordenador ou dispositivos informáticos con conexión a internet

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, clavinovas, batería acústica, Instrumento persoal aportado polo alumnado a elixir entre flauta ou glockenspiel
 Aula virtual: todos os recusos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro.
 Libro de texto e caderno de actividades da editorial Teide
 Smartphone (móbil), ordenador ou dispositivos informáticos con conexión a internet e que permitan descargar aplicacións e softwares musicais.
 Programas de presentación e exposición de suites ofimáticas
 Programa de edición de partituras
 Programa edición de audio

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso e terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior.

Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de melodías de pequenas partituras (4/8 compases) en formación orquestal. Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical.

Para a lectura rítmica utilizaremos a pequena percusión indeterminada ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo e comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce e será realizada por imitación.

2. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música e de análise dunha partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que recoñece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflictan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	0	42
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	100	58

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Contidos e probas teóricas: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación ou traballos en base aos contidos de cultura musical, á análise de partituras, ás audicións comentadas e aos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 50% da nota final.

O exame contará con algunhas preguntas tipo test, de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un exame trimestral como mínimo pero a norma xeral e facer un examen por unidade e a cualificación trimestral deste criterio será a media de todas as actividades de avaliación escritas do trimestre. Se houbera ademais de exames individualizados de cada unidade, outro final do trimestre, cualificaríase cun 25% o exame trimestral, e outro 25% a media dos exames parciais feitos por unidades.

Se a cualificación individualizada ou media das probas teóricas é inferior a 4 non se fará media entre este instrumento e os restantes e polo tanto, a avaliación será negativa, como norma xeral. Neste caso, se a temporalización o permite, o alumnado fará unha proba teórica de recuperación antes ou despois do remate de cada avaliación, agás na terceira.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

Os traballos (orais ou escritos) tanto voluntarios como obrigatorios, serán avaliados e cualificados como probas teóricas e farán nota media co resto das probas neste instrumento e aínda que de algunhas unidades se fagan traballos coa súa exposición oral, se a profesora o considera necesario, pódese facer tamén unha proba escrita e/ou oral de algúns ou de todos os contidos das unidades, ademais das audicións das mesmas.

2. Contidos prácticos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal, exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, etc... constituíndo o 50% da nota. Avaliaranse mediante a observación sistemática con táboas de indicadores ou rúbricas. É obrigatorio ter e traer todo o material de música cada día e utilizar a aula virtual cando corresponda.

As interpretacións musicais do alumnado, a actitude positiva, ante a música e os compañeiros, de superación e mellora das súas posibilidades e de respecto das capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros e a responsabilidade de traer sempre todo o material necesario a clase, valorarase cun 40% da cualificación trimestral.

Se por circunstancias concretas, xustificadas, persoais ou xerais, relacionadas coa saúde dos integrantes do proceso educativo ou pola propia estruturación da unidade didáctica ou cos recursos tecnolóxicos non sexa posible a interpretación musical, a súa porcentaxe de cualificación incrementaráse ás probas teóricas.

A interpretación musical avaliarase e cualificarase, tanto diariamente como a través de probas datadas en días concretos, tanto individualmente como en grupo-clase ou en pequenos agrupamentos de modo que a cualificación, polo xeral, será a media das cualificacións rexistradas ao longo do trimestre, individuais ou colectivas, correspondentes ás distintas pezas musicais de cada unidade didáctica.

Para a práctica instrumental, o alumnado utilizará prioritariamente a flauta, o carrillón/glockenspiel cromático propio e o seu instrumento de referencia no caso de ter estudos musicais elementais ou profesionais.

A correcta adquisición e aplicación de habilidades técnicas e interpretativas básicas dos instrumentos, da voz e do corpo no tempo establecido e adecuadas ao seu nivel, a práctica de pautas básicas da interpretación (silencio, atención ao director e aos outros intérpretes) a creación en casos concretos, a memorización de pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación ou a través da lectura directa de partituras, o coñecemento e posta en práctica das técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público, serán entre outros os criterios de cualificación individual, tidos en conta neste instrumento.

Teranse en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

A realización e resolución de actividades de aprendizaxe e repaso na aula e na casa cualificarase cun punto (10%)

En cada sesión presencial levarase a cabo a observación do alumnado cara á actitude de participación e traballo tanto na aula como en casa, á formulación de preguntas e cuestións directas realizadas coa materia etc..

O traballo de casa será rexistrado positiva e negativamente e o traballo diario de clase será rexistrado só si é negativo en base a falta de traballo na realización ou corrección grupal de actividades tanto de aprendizaxe como de repaso e en base á falta reiterada do material necesario, de maneira que se ao remate da avaliación, só hai positivos e ata un negativo, a cualificación será de un punto pero a partir de dous negativos, cada negativo descontará a parte numérica proporcional respecto á cantidade total de rexistros.

Se non hai rexistros negativos no traballo na aula enténdese que a cualificación é positiva e se por circunstancias concretas ou pola propia estruturación da unidade didáctica non houbera traballo de casa o seu porcentaxe de cualificación incrementaráse ao instrumento de cualificación das probas teóricas.

3. Só coa cualificación positiva nun instrumento, porbas teóricas ou práctica musical non se obtén unha avaliación positiva trimestral na materia, como norma xeral, senón que a nota, é un compendio dos instrumentos que se avalían e cualifican. É necesario ter, como norma xeral, unha cualificación mínima de 4, sen ponderar, no instrumento de cualificación das probas teóricas e o 20% da cualificación correspondente ás interpretacións musicais, para poder facer unha cualificación media entre eles.

Se por circunstancias concretas da metodoloxía ou pola propia estruturación da unidade didáctica ou pola situación concreta e xustificada do alumnado, non fóra posible a realización da práctica musical do alumnado, o seu porcentaxe de nota incrementaríase ao instrumento de cualificación das probas teóricas e/ou os traballos.

4. A participación nas actividades complementarias de interpretación musical que se desenvolvan no centro, no caso de que se podan facer, serán obrigatorias para todo o alumnado se son pezas traballadas en clase e forman parte do currículo, sendo a negativa á participación, un criterio de cualificación para non superar a materia no trimestre correspondente.

O alumnado que participe nas actividades complementarias de maneira voluntaria e sen que sexan obras traballadas en clase, terá unha cualificación extra de 0.5 puntos na avaliación final por cada participación activa nelas, en tanto que hai que empregar o tempo de lecer para a preparación de ditas actividades, sempre que a cualificación sexa positiva, como norma xeral.

A participación en outras actividades complementarias de interpretación musical que se desenvolvan no centro que non sexan traballadas nin en clase nin en tempo de lecer, terá unha cualificación de 0.25 puntos extra por cadunha, na avaliación final, sempre que a cualificación sexa positiva, como norma xeral.

A participación activa tanto na locución de dous podcast da Radio Onda Cosme cunha duración ao menos de 5 minutos como na elaboración/realización dun podcast co programa Audacity, terá unha cualificación extra na avaliación final, sempre que sexa positiva, como norma xeral, de 0.25 e 0.5 puntos respectivamente. As dúas participacións non poden acumularse nun mesmo podcast nin nunha mesma persoa e só se cualificará unha das dúas opcións, unha vez por persoa e curso e no caso de facer as dúas, cualificarase a de maior puntuación.

En todo caso, a cualificación extra por actividades complementarias non superará o 10% da cualificación final ordinaria.

5. O alumnado que non poida asistir presencialmente a clase, por causa xustificada, para a súa avaliación e cualificación, se as condicións físicas ou psíquicas non o impiden e segundo o grado de incapacidade, deberá seguir a actividade académica na modalidade non presencial e realizar e entregar no prazo sinalado e virtualmente, as actividades e contidos traballados en clase durante o período da súa ausencia, previamente proporcionados ao alumnado na Aula Virtual tanto semanalmente, mensualmente ou trimestralmente en base ao seu nivel de incapacitación, deberá facer as probas oralmente ou por escrito e cualificarase segundo o especificado tanto respecto ao tempo como aos criterios concretos de cada actividade, cos mesmos criterios xerais da modalidade presencial agás nos casos nos que as circunstancias e recursos non o fagan posible e nese caso, a profesora, concretará previamente á realización da actividade, os criterios concretos.

No caso de ausencia xustificada de de larga duración e xustificada, as producións musicais cualificaranse cun 30% en cada avaliación trimestral e faranse por videoconferencia o día da proba teórica, que suporá o restante 70% da nota trimestral.

Se a incapacidade impidise calquera modalidade de traballo, avaliarase e cualificarase en base ao traballo e probas obxectivas feitas antes da súa ausencia cando se cumpran os mínimos esixibles correspondentes ao período de ausencia ou ao curso.

O alumnado que inxustificadamente non asista a clase na modalidade presencial, terá unha cualificación negativa nas probas obxectivas ou actividades que correspondan ao seu período de ausencia.

6. O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

Como valórase a traxectoria ascendente do alumnado, a avaliación final será o resultado da aplicación dos seguintes criterios:

- será a mesma cualificación que a da terceira avaliación, se as avaliacións sumativas son positivas e numéricamente é a maior do curso,

- será a media matemática das tres avaliacións, se todas son positivas e a cualificación da terceira non é numéricamente a maior do curso.

Cando a nota da avaliación final e excepcionalmente a de cada avaliación trimestral dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8. No caso dos alumnos con 4'5 esta norma non se terá en conta. O comportamento e o traballo en clase e a evolución positiva durante o curso determinarán se o alumno terá avaliación positiva ou negativa.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha das avaliacións sumativas e polo tanto no curso, realizará, con anterioridade ao 21 de xuño, un exame teórico de recuperación con ou sen práctica instrumental, correspondente aos contidos non superados das citadas avaliacións parciais.

A cualificación obtida no exame, se é positiva e corresponde a unha parte dos contidos da materia, teóricos ou prácticos, fará medias coas cualificacións positivas obtidas nas avaliacións sumativas durante o curso. No caso de facer un exame global teórico con práctica instrumental equivalente ao curso completo, a cualificación obtida será a cualificación ordinaria do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado coa materia pendente de 3º ESO, segundo o artigo 51 da ORDE do 8 de setembro de 2021 o Departamento elaborará e proporcionará, no primeiro trimestre, un plan de recuperación/reforzo individualizado consistente na correcta interpretación instrumental de varias pezas musicais traballadas no curso, na realización de tres probas teóricas escritas parciais ou na realización dunha proba global teórica con ou sen práctica instrumental, segundo o caso concreto do alumnado, no mes de maio.

A práctica musical, realizarase no tempo de lecer dispoñible por parte do alumnado ou do profesorado ou na hora semanal asignada ao Departamento, con anterioridade ao mes de maio. A correcta interpretación das pezas seleccionadas polo Departamento e correspondentes ao curso, cunha cualificación superior a 5 nunha escala numérica do 1 ao 10, suporá a cualificación positiva dun 40% da materia.

Ase mesmo, a cualificación superior a 5 da parte instrumental da materia na primeira avaliación do seguinte curso (4º ESO), suporá a cualificación positiva da práctica instrumental da materia pendente.

As tres probas teóricas escritas parciais realizaranse na hora asignada ao Departamento con anterioridade ao mes de maio e as súas datas comunicaranse ao alumnado no inicio do curso. Suporán o 60% da cualificación da materia. A cualificación superior a 5 nunha escala numérica do 1 ao 10 en cadunhas delas ou na media aritmética das tres, sempre que a cualificación mínima obtida nelas non sexa inferior a 3, suporá a cualificación positiva da parte teórica da materia.

No caso dunha cualificación negativa na parte teórica ou práctica ou nas dúas, con posterioridade ao mes de abril, realizarase no mes de maio unha proba global teórica con ou sen práctica instrumental, segundo o caso concreto e individualizado do alumnado, na que a parte teórica suporá o 60% da cualificación final e a parte instrumental o 40%. No caso de ter unha cualificación previa positiva nalgunha das partes da materia, o alumnado só realizará a recuperación global da parte da materia non superada respectando as porcentaxes de cualificación asignadas previamente a cada parte.

Será necesario acadar unha nota media de 5 para recuperar a materia pendente.

Naqueles casos que se necesite, establecerase daccordo co Departamento de Orientación, un plan de reforzo e adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto, e establecendo un recreo cada semana para solventar dúbidas e axudar a preparar a parte práctica instrumental.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñ na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é

fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Detectar os coñecementos previos do alumnado ao empezar cada unidade.
6. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.
7. Dar opción, ao alumnado que realiza estudos elementais ou profesionais no Conservatorio e que non valida a materia, de practicar as partituras que ten que preparar para o seu nivel sen menos cabo de que participe nas interpretacións do grupo. Se lle ofrecerá a posibilidade de adaptar a programación do curso ao seu nivel, e de forma individual, cando sexa superior ao que esixe o currículo da materia en bacharelato e así reforzar os contidos impartidos no Conservatorio.

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso debemos ter en conta o plan específico personalizado que desenvolve o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. Neste curso hai tres alumnas e dous alumnos repetidores dos que dous teñen a materia superada no curso 2022/2023, dous non a teñen superada e unha alumna procedente doutra CCAA e incorporada ao centro con posterioridade ao inicio do curso non hai datos.

Na programación de aula, terase en conta calquera adaptación curricular significativa ou non significativa que inclúa alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) ou Necesidades Educativas Especiais (NEE) seguindo as pautas que estableza o departamento de Orientación.

Neste curso hai tres alumnas e dous alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, dos cales, dúas presentan TDA, dous son alumnado de procedencia extranxeira con descoñecemento do idioma e con desfase curricular e un alumno é de altas capacidades. Ase mesmo hai unha alumna con Necesidades Educativas Especiais. En todos os casos, séguense as especificacións establecidas polo departamento de orientación e a titora.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traxo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia como público a un concerto didáctico	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo.			X
Actuacións públicas en Nadal, día das letras galegas ou final de curso	As pezas musicais traballadas tanto en clase como en tempos complementarios ao longo do curso executaranse en público en Nadal ou a final de curso.	X		X
Concursos musicais	Propiciarase a realización no fin do segundo trimestre de varios concursos de improvisación e creación musical.		X	
Actividades musicais conmemorativas do día da patrona da música o 22 de novembro	Repartiranse os instrumentos da aula de música por outros espazos do centro para a súa interpretación	X		
Visita ao Museo do Pobo Galego	Visita á exposición de instrumentos antigos			X

Observacións:

O Departamento de Música ten previsto realizar, na medida do posible, as seguintes actividades complementarias propias:

- concurso de regueifas de galos,
- concurso de composición dun himno para o centro,
- actividades musicais conmemorativas do día da música e os músicos (22 de novembro e o 1 de outubro) como por exemplo sacar os instrumentos ao patio baixo a supervisión de alumnado da materia optativa para que quen queira, poda facer unha interpretación ou improvisación libre,
- asistencia a Concertos Didácticos organizados por Compostela Cultura coa participación da Real Philharmonía de Galicia no Auditorio de Galicia,
- visita á exposición de instrumentos antigos no Museo do Pobo Galego e ao Pórtico da Gloria na Catedral de Santiago,.

Se contempla colaborar na organización e participación de actividades complementarias de outros Departamentos e da Biblioteca, concretamente da radio do centro.

Outras posibles actividades serían a visita a exposicións, conferencias, cursos ou talleres con interese dende o punto de vista musical.

Realizaráanse ao longo do curso, sempre que sexa posible, actividades de interpretación musical no centro escolar, coincidindo con diferentes festividades ou conmemoracións.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado
Mal ou non acadado
Regular ou mellorable
Metodoloxía empregada
Axeitada
Mellorable
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Axeitada
Mellorable
Medidas de atención á diversidade
Axeitadas
Mellorables
Clima de traballo na aula
Axeitado
Mellorable

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Axeitado
Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralala, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso.

Os ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento, avaliación e propostas de melloras da Programación, utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da Programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente, introducindo os cambios que sexan necesarios na Programación a través da aplicación Proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados